

## **DECRETO DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA Nº 409/2014**

Ante a convocatoria das bases reguladoras do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2015 da Deputación da Coruña na que se recoñece o módulo para o Programa de Educación e Apoio Familiar nunha contía de 6422,55 euros e ante a necesidade de dar continuidade ao Programa existente, vistas as competencias atribuídas á Alcaldía polo artigo 21 apartado g) da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, na súa nova redacción modificada pola Lei 11/99, e 57/2003, polo presente **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar as bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal, dun ou dunha educador/a social para o Programa de educación e apoio familiar do Concello de Valdoviño.

**Segundo.-** Proceder a formación dunha bolsa de emprego á que se acudirá posteriormente coa finalidade de proveer as vacantes ou substituír ás persoas empregadas en supostos de ausencia cando así se determine para a mellor prestación dos Servizos Sociais. As contratacións das persoas aspirantes incluídas na bolsa efectuarase atendendo á súa clasificación na mesma. A bolsa de emprego terá unha vixencia de 2 anos.

### **BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA EDUCADOR/A SOCIAL E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa, por obra o servizo determinado (art. 15 do Estatuto dos Traballadores) cunha duración de 6 meses, prorrogables a outros 6, dun/ha **EDUCADOR/A SOCIAL**. As retribucións brutas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 230.131.00 contando coa aportación da Deputación da Coruña para o mantemento deste posto (Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais).

## **SEGUNDA.- Requisitos das persoas aspirantes**

Para ser admitido/a ás probas será necesario:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión Europea e/ou extranxeiros/as residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, dacordo coa Lei orgánica 4/2000 de 11 de Xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas extranxeiras en España.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo artigo 56.1 c) da Lei 7/2007.
- c) Estar en posesión do título de Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social.
- d) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercizo das función públicas.
- f) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- g) Estar en posesión de permiso de conducir en vigor (tipo B)

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de toma de posesión.

## **TERCEIRA.- Sistema de selección**

A selección realizarase mediante o sistema de oposición libre:

- A) **Oposición** que será obrigatoria e eliminatória e consistirá na realización de dous exercizos:

A)1.- **Exame tipo test:** a proba será presencial e deberá ser realizada nun tempo máximo de 45 minutos. Terá carácter eliminatorio, polo que as persoas aspirantes que non superen este exercizo non poderán realizar o suposto práctico. Consistirá nun test de 25 preguntas cunha soa resposta válida. A puntuación por pregunta correcta será de 0,4 puntos e por cada dúas incorrectas restarase un punto.

A corrección do primeiro exercizo será realizada no mesmo día da proba, publicando o listado das persoas que o superaron. Deixarase un día para alegacións, convocando ao día seguinte a proba práctica.

A)2.- **Suposto práctico:** a proba será presencial e deberá ser realizada nun tempo máximo de 1,5 horas. Valorarase a profundidade de coñecementos, claridade, rigor na resolución e a adecuación das conclusións.

Ambas probas estarán relacionadas co temario establecido no Anexo I.

Cada exercizo valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

A puntuación final da fase de oposición será a suma dos dous exercizos no caso de ter ambos superados.

#### **CUARTA.- Puntuación final**

A puntuación final será o resultado de sumar as puntuacións obtidas nas dúas probas da fase de oposición.

#### **QUINTA.- Solicitudes.**

As solicitudes, presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello no prazo de **3 días hábiles** a partir do seguinte ó da publicación do anuncio desta convocatoria nun diario dos de maior tirada na comarca.

Así mesmo as Bases desta convocatoria deberán publicarse no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal [www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com)

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ó señor Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño, na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base segunda anterior.

As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso deberán enviar a solicitude por fax (981 487 294) dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Xunto coa instancia achegarán:

- Fotocopia do D.N.I. compulsada
- Fotocopia do permiso de conducir compulsada.
- Declaración responsable conforme se dispón de coche para utilizalo.
- Fotocopia compulsada do título de Diplomatura ou Grao en Educación Social.

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de persoas admitidas/excluídas que será publicada no taboleiro de edictos deste Concello e a páxina web, concedéndose o prazo de dous días para reclamacións designando o tribunal cualificador. As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

#### **SEXTA.- Proposta de selección**

Ao rematar a fase de selección o tribunal realizará unha proposta da persoa aspirante preseleccionada.

No caso de que a persoa aspirante preseleccionada rexeite o posto de traballo, a persoa aspirante que ocupe o segundo lugar poderá ocupar dita praza e así sucesivamente.

#### **SÉTIMA.- Creación dunha bolsa de emprego**

Unha vez finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador constituirá unha bolsa de emprego coas persoas aspirantes que superaran as probas, por rigoroso

orde decrecente atendendo á puntuación obtida nas mesmas. O listado publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

#### **OITAVA.- Tribunal Cualificador.**

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde entre empregados públicos, publicándose a súa composición consonte á base Sexta, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para este proceso de selección.

O/a Presidente/a do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente o substitúan.

As persoas membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllelo a autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da lei 30/1992, do 26 de novembro. As persoas aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas de do procedementos administrativo común, e ós dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Mándoo e asínoo en Valdoviño a 2 de decembro de 2014

O alcalde

Asdo.: José Antonio Vigo Lago